


ΗΡΑΚΛΗΣ




Nascimento

e


primeiros feitos



zeus



alcmena




anfitrión

HERACLES

IFICLES

Zeus, que desexaba a mortal Alcmena, tomou a forma do seu marido, Anftrión, para poder xacer con ela. Ós nove meses da noite que pasou con Zeus, Alcmena deu a luz dous nenos: Heracles (fílllo de Zeus), e Ificles (fílllo de Anftrión) a quen Alcmena xa estaba xestando cando recibiu a visita de Zeus.

Existía un vaticinio do propio Zeus que establecía que o seguinte nacido da familia de Perseo (Anftrión era neto do heroe) reinaría en Argos. Hera, anoxada pola infidelidade do seu home, adiantou o nacemento de Euristeo (tamén neto de Perseo), para evitar que Heracles fose rei.



Como filho de Zeus, Hera decide aleitar a Heracles, mais um dia o neno mordeu con demasiada forza o peito da deusa. Ela rexeitouno, e do seu pezón saíu un chorro de leite que, desde aquela, quedou espallado polo ceo: a Vía Láctea.



© Mark A. Garlick / space-art.co.uk



**Cando Heracles tiña oito
meses, Hera quixo
matalo, introducindo
con ese fin no seu berce
dúas serpes, que o neno
esganou sen dificultades.**



Ós seus 18 anos, Heracles amósase como un home moi forte e de grande estatura. É neste momento cando inicia as súas aventuras e recibe as armas que vai empregar.



Maza, feita por el mesmo



Coiraza dourada, regalada por Hefesto




Espada, regalada por Hermes

Cabalos, regalados por Posidón



Red-figured volute krater showing Hippias, Apulia c. 340 BC. Photo © Meier-Försting - OML



Arco e frechas, regaladas por Apolo

A primeira fazaña do heroe foi a captura e morte do león do monte Citerón, preto de Tebas. A Heracles levoulle 50 días cazalo, e durante esta aventura durmía nunha cova. Tespio, un tebano que tiña 50 fllas e desexaba ter descendencia dun heroe, introducía polas noites unha das súas fllas na cova de Heracles, quen pensaba que cada noite se unía á mesma muller. Meses despois, as rapazas tiveron cadanseu f llo (os Tespidas).

De volta a Tebas, Heracles topouse cos emisarios de Erxino, rei de Orcómeno, quen cobraba tributos ós tebanos: Heracles loitou con eles, desf ígurounos, e enviounos de regreso a Orcómeno. Produciuse unha guerra, na que Heracles pelexou do lado dos tebanos, que venceron. O rei de Tebas, Creonte, en agradecemento, deulle como esposa á súa f lla Mégara, coa que Heracles terá varios f llos. Máis tarde, nun arrebatado de tolemia, o heroe matará os seus descendentes e, como expiación de semellante crime, será condenado a servir o seu curmán Euristeo, quen lle encargará 12 traballos: quería mantelo lonxe, pois tíñalle un pánico atroz.



Os

Doce

Traballos

O LEÓN DE NEMEA



Era un león invulnerable, que vivía nunha cova con dúas entradas. Heracles cegou con pedras unha delas, e logo acurralou o león dentro da cova. A seguir, esganouno. Logo quitoulle a pel, vestiuse con ela e usou a súa cabeza como casco.



A HIDRA DE LERNA

Era unha serpe de varias cabezas que exhalaba un alento mortal. No curso da loita, Heracles decatouse de que de cada cabeza que cortaba saían dúas máis. Decidiu queimar cun tizón as feridas de cada cabeza que ía seccionando, para que non se reproducisen.



O XABARÍN DE ERI MANTO



Era un xabarín enorme e moi fero. Heracles fixo que o perseguise e foino conducindo cara ó norte, a un lugar moi nevado, onde o animal quedou esgotado pola dificultade de correr sobre a neve, e así o heroe puido matalo.




A CERVA DE CERINIA

**Era unha cerva moi
veloz, imposible de
cazar. Heracles
perseguiuna todo un
ano ata que, mentres
ela cruzaba un río,
puido lanzarlle unha
frecha, coa que a
matou.**



AS AVES DO LAGO ESTÍNFALO



Eran moitísimas, e destruzaban as colleitas. Para sacalas do bosque onde vivían, Heracles tocou unas tarañolas de bronce, e así, segundo saían, foinas abatendo a frechazos.

OS CORTELOS DE AUXIAS

O rei Auxias posuía uns cortellos que non se limpaban desde había moitos anos, e estaban cheos de esterco. Heracles desviou dous ríos, o Alfeo e o Peneo, para arrastrar todo o lixo.




O TOURO DE CRETA



**Segundo algúns, foi o que
deixara embarazada a
Pasífae, a esposa do rei
Minos. Era moi fero, e
botaba lume polos fuciños.
Heracles abateuno.**

ASEGUAS DE DIOMEDES

**Er an unhas eguas moi
bravas, que comían carne
humana. Heracles deulles
de comer ó propio
Diomedes. Deste xeito,
unha vez fartas,
deixáronse guiar ata o
palacio de Euristeo.**



O CINTO DE HIPÓLITA




Euristeo pediulle a Heracles que conseguise o cinto de Hipólita, a raíña das amazonas, as mulleres guerreiras. Heracles reuniu a varios amigos seus para organizar unha expedición e, cando chegou ó país das amazonas, Hipólita consentiu en darlle o cinto. Pero Hera provocou unha liorta entre as mulleres e Heracles e os seus compañeiros; como resultado, Hipólita morreu.

OS BOIS DE XERIÓN

Xerión era un xigante de tres corpos que posuía unhas inmensas mandas de bois na illa Eritia, no extremo occidental do mundo. Euristeo ordenoulle a Heracles que lla trouxese. O heroe así o fixo, logo de cruzar o mar na Copa do Sol (a barca na que o astro volve todas as noites ó leste despois de poñerse). No camiño abriu o paso que se coñeceu como “Columnas de Hércules” (o estreito de Xibraltar).



O CAN CÉRBERO



Desesperado, Euristeo pídelle a Heracles que dome ó Can Cérbero, o animal de tres cabezas que garda a entrada ó Inframundo. Guiado por Hermes, Heracles negocia con Hades, quen lle esixe que o domine sen as súas armas, só protexido coa coiraza e a pel de león. Heracles, logo dunha longa loita, conségueno.

AS MAZÁS DE OURO DAS HESPÉRIDES

Como agasallo da súa voda con Zeus, Xea entregou a Hera unhas mazás, que a deusa plantou nun xardín ó pé do monte Atlas, gardado por tres ninfas (as Hespérides) e un dragón de cen cabezas. Euristeo quería estas mazás, e enviou a Heracles por elas. Cando chegou ó xardín, o heroe convenceu a Atlas, o Titán que sostén a bóveda celeste, de que lle fose coller as mazás mentres el termaba do ceo.



*Outras
aventuras
e viagens*

Ademais dos Doce Traballos, a Heracles atribúenselle moitas aventuras máis:

- A expedición contra Troia, en vinganza contra o seu rei, Laomedonte, porque non lle pagara un servizo.**
- A expedición contra Esparta, para restaurar no trono a Tindáreo, derrocado polo seu irmán Hipocoonte.**
- A liberación de Prometeo, matando a aguia que lle devoraba as entrañas.**
- A participación na viaxe dos Argonautas (segundo algunhas versións).**
- Etc.**



***Morte
e
apoteose***

Heracles, namorado de Deianira, foi lido do deus-río Aqueloo, loitou co seu pai pola súa man. Unha vez lograda, no curso dunha viaxe con ela chegou ó río Eveno. Alí, o centauro Neso ofreceuse a cruzalos; cando Deianira montou nel, Neso intentou violala, e Heracles matouno. Moribundo, o centauro díxolle a Deianira que recollese o seu sangue, pois se algunha vez o seu home deixaba de amala, podería recuperalo elaborando con el un filtro amoroso.



Tempo despois, Heracles namorouse de Iole, f illa de Éurito, rei de Ecalia. Desesperada, Deianira lembrou o consello de Neso, que en realidade era un f ltro amoroso e impregnou con el unha túnica que Heracles ía poñer no momento de realizar un sacrific io ós deuses. Case no mesmo intre, Heracles comezou a sufrir unhas dores terribles, que o deixaron moribundo. Deianira, vendo o que f íxera, suicidouse. Heracles, case sen forzas, subiu ó monte Eta e preparou a súa pira funeraria, encargando ó seu amigo Filoctetes, a quen deixou o seu arco e frechas, que prendese o lume.





Unha vez morto, os deuses acordaron outorgar a inmortalidade a Heracles, en pago das súas grandes fazañas: chamárono ó Olimpo, onde casou con Hebe, a deusa que encarna a xuventude.

En canto a Filoctetes, sería despois un dos pretendentes de Helena de Esparta. Cando esta foi raptada por Paris, uniuse á expedición grega contra Troia, aínda que tivo que ser abandonado na illa de Lemnos a causa dunha ferida pestilente que tiña nun pé. Cando un oráculo revelou ós gregos que só tomarían Troia co arco e frechas de Heracles, foron buscar de novo a Filoctetes. Unha vez reincorporado á guerra, disque foi el quen disparou a frecha que matou a Paris.